

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO CURSO 21-22

### Normativa de referencia:

- [Lei orgánica 3/2020](#), LOMLOE.
- [Real Decreto 984/2021](#), polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, BAC e FP.
- [Orde de 25 de xaneiro de 2022](#), pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de Primaria, ESO e BAC no sistema educativo de Galicia.

### Avaliación na ESO (Orde 25/01/2022)

As novidades que se aplican no curso 21/22 son as seguintes:

- Haberá tres avaliacións parciais. A terceira terá lugar o día 6 de xuño de 2022 en horario de tarde.
- Haberá unha única avaliación final, que se realizará a partir do 23 de xuño. Polo tanto, desaparece a convocatoria extraordinaria (a que tradicionalmente tiña lugar a principios de setembro). **A cualificación definitiva das materias ou ámbitos farase efectiva nesta avaliación final e sairá da media aritmética das 3 avaliacións.**
- O período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

### Promoción na ESO (Orde 25/01/2022).

Promociona dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica

O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

### Titulación na ESO (Orde 25/01/2022).

Obterá o **título de graduado en educación secundaria** obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Haberse presentado a todas as probas (orais ou escritas) programadas durante o curso, non haber entregado os controles ou exámes en branco ou contido nulo e, en caso de esixirse, haber entregado os traballos ou tarefas

determinadas por cada Departamento para a recuperación das materias suspensas e das pendientes de cursos anteriores.

- c) Haber obtido unha nota media non inferior a 4 nas calificacións das materias suspensas.
- d) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- e) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.